

VAN GOGH. DOS CAMPOS DE TRIGO BAIXO CEOS NUBRADOS

[Giovanni Piscaglia, 2018]

491

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 25 e 26 de febreiro de 2019 | V.O.S.E.

Van Gogh: Tra il grano e il cielo (2018, 95')

Dirección: Giovanni Piscaglia

Guión: Matteo Moneta

Participación: Valeria Bruni Tedeschi, Marco Goldin, Eva Rovers

Son: Alberto Ladduca, Paolo Piccardo

Montaxe: Valentina Ghilotti

Música: Remo Anzovino

Fotografía: Lorenzo Giromini

Produtoras: 3D Produzioni, Nexo Digital (Italia)

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP2K, 2.00:1

Idioma orixinal: Italiano, francés, inglés

SINOPSE

A actriz Valeria Bruni Tedeschi acompaña esta historia, filmada na igrexa de Auvers-sur-Oise, onde Van Gogh pintou só unhas semanas antes de se suicidar nun campo de trigo próximo. Da oportunidade de contar a historia de como evolucionou a arte de Van Gogh e a partir da colección de Helene Kröller-Müller, xurdiu a exposición *Van Gogh. Entre o trigo e o ceo*, na Basílica Palladiana de Vicenza.



**TEMPADA
DE ARTE**

—
**AS GRANDES
FIGURAS
DA ARTE
NO CINEMA**

2

VAN GOGH. DOS CAMPOS DE TRIGO BAIXO CEOS NUBRADOS

[Giovanni Piscaglia, 2018]

“Tentei entrar na obra de arte e mirala sen filtros”

Entrevista con Giovanni Piscaglia
Por Emilio Mariotti

Por que decidiches levar á gran pantalla a obra de Van Gogh?

Pareceunos interesante poñer en valor a exposición que instalou na basílica paladina de Vicenza. Non só por que era unha das mostras máis grandes feitas en Italia sobre o artista holandés, senón pola interesante historia da coleccionista privada Helena Kröller-Müller, que creou a segunda colección máis grande do mundo da obra de Van Gogh, no museo de Otterlo, nos Países Baixos.

Como constrúches a narración deste percorrido a través da pintura de Van Gogh?

Procurei fuxir da retórica que retrata a Van Gogh como un mito. Tentei poñerme en contacto con el a nivel sentimental e psicolóxico. Tamén hai unha busca de entrar dentro da obra de arte e mirala sen filtros. Botamos man de procedementos de aproximación como dar vida ao movemento do pincel, para tentar ver o que hai dentro, cal é o material vivo do que se compón a pintura de Van Gogh. Xunto a Matteo Moneta cuestionámonos sobre o texto e a estrutura necesarias para o documental, na busca dunha narración orixinal e orgánica, de Otterlo a Vicenza, de Helena Kröller-Müller ao artista holandés, dunha dimensión temporal a outra. Ademais visitei o lugares que habitou Van Gogh para buscar o punto de sensibilidade que me puxese en contacto con el.

Persoalmente, que descubriches do artista holandés que non soubeses antes?

É interesante a súa relixiosidade, porque non era tan sombría como algúns pensan. O que me sorprendeu é que a pintura de Van Gogh non respondía a unha pulsión paranoica, senón a unha vocación útil para comunicar a súa propia relixiosidade e o seu propio deus naturalista, unha divindade das cousas. O artista holandés estaba a pintar revelacións e quería compartilo cos demais. Outra cousa da que se sabe pouco: Van Gogh tiña unha autodisciplina para o traballo moi severa e estudaba moito, non era tan inxenuo como se pensa.

O uso vangoghiano da cor, tan orixinal e significativo, pode ser empregado no cinema? É difícil pero sería complexo construír un decorado con cores tan imaxinativas e, ao mesmo tempo, xustas, sorprendentes e brillantes. Vin o filme unhas vinte veces e, a cada volta, non deixo de sorprendeme polas asociacións de cores tan intuitivas e milagrosas da obra de Van Gogh. Por tanto, podemos seguir o exemplo, mais non podemos replicar a organización espacial e cromática. A arte debe inspirar o cinema.

Vostede xa capturou a beleza do Duomo de Siena para Sky Arte. Se tivésedes atopar un elemento común entre a catedral de Siena e a arte de Van Gogh, cal sería? Valoramos moitas opcións á hora de empregar a parte na que intervén Valeria Bruni Tedeschi. Finalmente estamos moi ledos de telo feito na igrexa de Auvers-sur-Oise, porque nun edificio coma este atópome na casa. Nestes lugares encontro a miña dimensión e busco a transcendencia. Precisamente por iso o Duomo de Siena está no meu corazón. No filme sobre Van Gogh hai unha idea de transcendencia tamén, velaí a ponte entre os dous traballos.

Cada vez se realizan máis filmes sobre arte. Por que? É un gran desexo, agora máis ca nunca, atopar unha maneira diferente de experiencia museística para dar con novas claves de lectura. O cinema pode facer a súa achega a todo isto, aínda que sexa de maneira crítica, a xeito de ensaio. A sétima arte debe desenvolver a súa dimensión emocional.

Cal será o seu vindeiro traballo? Por agora estou a gozar do lanzamento do filme, pois é un soño feito realidade. Continúo e continuarei a traballar sobre contidos artísticos, pero sempre desde unha perspectiva persoal.

Publicado en sienanews.it

NA LIBRARÍA NUMAX

Cartas a Theo, Vicent Van Gogh. Alianza, 2012

TEMPADA DE ARTE AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

14 e 15 de xaneiro
Os nenúfares de Monet
(Giovanni Troilo, 80')

25 e 26 de febreiro
Van Gogh. Dos campos de trigo baixo ceos nubrados (Giovanni Piscaglia, 70')

25 e 26 de marzo
Degas, paixón pola perfección
(David Bickerstaff, 85')

29 e 30 de abril
O mozo Picasso (Phil Grabsky, 85')

6 e 7 de maio
Leonardo, quinto centenario
(Francesco Invernizzi, 90')

3 e 4 de xuño
Klimt & Schiele. Eros e psique
(Michele Mally, 90')

1 e 2 de xullo
Rembrandt (Kat Mansoor, 97')



NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org